20.11.2024 | 21:00 | CONCATEDRAL DE STA. M.ª DE VIGO

MONTSERRAT TORRENT

E que deben facer, se son músicos, senón música?

A MÚSICA é unha cadea de compases cheos de infinitas notas de posibles refuxios. Algúns recíbente e xa abonda, outros son o teu fogar. Hai que probalas e ver que son. Hai quen axuda o náufrago que levas dentro, hai quen o empuxa ata o fondo. Algúns fanche crer nos cabalos alados, outros ensanchan o teu desamor. Algúns foron feitos a medida para ti.

Ao compás da MÚSICA, afondamos nunha reflexión sobre a aprendizaxe, a demanda e a creatividade. É pura emoción. Debe ser a ferramenta para concienciar e gozar xuntos, en pequenos ou grandes grupos, non individualmente.

A MÚSICA consólanos, ofrecéndonos un lugar onde vivir sen sufrir por nada. Pero tamén é o lugar onde o teu ser vive nesta vida. É o único lugar onde é posible atopar o que necesitamos para vivir.

A MÚSICA, a pesar de estar feita de aire e movemento, pervive no tempo. As innovacións cambian a tradición, pero o que era innovación pasa a ser tradicional.

MONTSERRAT TORRENT

BIO

Montserrat Torrent é unha das intérpretes máis destacadas do noso país. As súas actuacións no órgano teñen sido e continúan a ser un referente do máis alto nivel, tanto polo seu rigor académico como pola súa calidez e musicalidade.

Nos anos sesenta, foi pioneira da renovación dun mundo do órgano entrado en decadencia como consecuencia da posguerra, nun momento no que ser organista, especialmente sendo muller, significaba nadar a contracorrente. Porén, anos máis tarde o seu legado é enorme, sendo innumerables os órganos que tocou e os discípulos que tivo.

La Creu de Sant Jordi, o Premio Nacional de Música e un doctorado Honoris Causa son algúns dos recoñecementos que logrou, pero o máis extraordinario de Montserrat Torrent é que aos 98 anos continúa cunha actividade imparable ofrecendo concertos e facendo gravacións en todas partes.

PROGRAMA

— **F. Mendelssohn-Bartholdy (1809-1847)**
Sonata en do menor, op. 65 n.º 2
I. Grave
II. Adagio
III. Allegro maestoso e vivace
IV. Fuga: Allegro moderato

— **R. Schumann (1810-1856)**
Sechs Studien in kanonischer Form, op. 56
I. Nicht zu schnell
II. Mit innigem Ausdruck
III. Andantino
IV. Innig
V. Nicht zu schnell
VI. Adagio

— **C. Franck (1822-1890)**
Fantasía en la maior

— **X. Montsalvatge (1912-2002)**
Obstinat

— **M. Castillo (1930-2005)**
Fantasía para un libro de órgano